

O CANDIL

Maio 2002

Nº 27



SOÑAR, IMAXINAR, ILUSIONAR...

(VIII CONCURSO DE CONZOS)

As LETRAS GALEGAS, dedicadas este ano ó polígrafo Frei Martín Sarmiento, danos pé para que poidamos imaxinar e soñar co bo facer de nenas e nenos de todo o Morrazo. Aquí aparecerá unha pequena mostra de todos os participantes que son os gañadores do Concurso. Pero aquí, polo espacio e presuposto aparecerán os elixidos polo xurado como representantes en cada categoría do CONCURSO DE CONTOS que anualmente organiza o CEIP 'A PEDRA' de BUEU, e xa van oito.

Co corazón na man queremos manifestar publicamente o noso agradecemento a tódalas persoas que, colaborando con nós, fan posible esta pequena mostra, en especial a tódolos mestres/as do CEIP de BELUSO de Bueu, CEIP SEQUELO de Marín, CEIP CARBALLAL de Marín, CEIP A GUÍA de Meira-Moaña, CEIP DE DOMAIO de Moaña, CEIP DE QUINTELA de Moaña, CEIP A RÚA de Coiro-Cangas, Colexio SAGRADA FAMILIA de Aldán, Colexio VIRXE MILAGROSA de Bueu, IES ILLA DE ONS de Bueu, IES JOHAN CARBALLEIRA de Bueu, CEIP A PEDRA de Bueu, e a todo o alumnado participante neste VIII Concurso de Contos.

Todos os debuxos que acompañan ós contos son do mesmo autor do relato.

***“Desexos infactibles que se trocan reais
cando gabea cara os outeiros da inxenuidade
con aires gaioleiros, enxeñosos e ocorrentes
para fluír como cultura dos alxibes astrais”***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Profesorado e alumnado do Colexio Público de Bueu
Equipo de Normalización Lingüística
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

AS PALABRAS DE XULIA

1º PREMIO - CATEGORÍA G (1º ciclo da ESO)

Autora: ANA MENDUIÑA PASTORIZA

IES ILLA DE ONS de Bueu

Foi unha noite de xuño, había lúa chea e como o ceo estaba estrelado, esa noite saímos un grupo de amigos a dar unha volta, fomos ata a praia, íamos todos entretidos falando, estábamos a pasalo ben aínda que faltaba Xulia que estaba na casa cando fóramos chamala.

Ó chegar á praia sentámonos na area, húmida polo orballo e as chuvias aínda recentes. Seguimos falando das nosas cousas e a Marta ocorréuselle ir dar unha volta cara ó outro lado da praia, preto das rochas. Todos estivemos de acordo pero segundo íamos camiñando víamos unhas sombras alí nas rochas, a min facíanseme coñecidas pero xamais podería crer o que vimos, se alguén mo contara, creo que foi a causa máis horrible que vin na miña vida. Alí nas rochas estaba Xulia acompañada por tres drogadictos. Todos quedamos de pedra e ela non dixo nada, agochou a cabeza e marchou, estaba como ida; tentamos retela e acompañala á casa pero díxonos que non, que nos foramos e que non quería volver saber nada máis de nós. Nos meses seguintes tentamos axudala pero ela fuxía de nós, rexeitábanos e cada vez estaba peor, cando a víamos pola rúa case non a coñecíamos do delgada que estaba, a súa cara reflectía tristura e os seus ollos, parecían pedir axuda. Todos tentamos axudala pero conforme pasaba o tempo máis nos rexeitaba. Despois de dous anos foi ó cárcere por cometer varios roubos, nós tentamos que entrase en razón cando estivo no cárcere, ó final conseguimos que o deixara e que ingresara nun centro de desintoxicación.

Estivo preto de dous anos ben, pero logo morreu a súa irmá, e a súa nai non cesou no empeño de apartala todo o posible para que non volvese caer nese mundo, máis a pesar de todos os esforzos que fixo non o conseguiu, Xulia volveu caer, e o pesadelo volveuse a repetir outra vez. Chegou un momento no que a súa nai non o aguantou máis e botouna da casa, iso non foi por moito tempo, xa que non podía vela sufrir da maneira e volveuna acoller; todos sabíamos que xa non duraría moito porque case non se sostiña en pé e custáballe moito respirar. Uns días antes da súa morte ingresou no hospital, eu fun vela e díxome algunhas cousas que xamais poderei esquecer aínda me tremen as pernas cando me lembro da súa débil voz dicíndome: "Rosa, xamais deixes que os teus fillos se metan nisto, porque senón ti tamén morrerás lentamente coma eles, pero o teu dor será máis intenso porque verás como eles se destrúen sen importarlle nada nin ninguén". Despois de tres días Xulia morreu no Hospital. Xa pasaron tres anos pero aínda sigo lembrando a súa cara, a cara que tiña o día en que morreu....

A LENDA

2º PREMIO - CATEGORÍA G (1º ciclo da ESO)

Autora: ROMINA BASTÓN CADABÓN

COLEXIO SAGRADA FAMILIA de Aldán

-Avoa, díxome Antón, o fillo do panadeiro, que viu un golfiño na ría. Eu díxenlle que iso non podía ser, que por aquí non hai golfiños, pero seguiu dicindo que si, que llo contara o seu tío.

-Pode que sexa certo.

-iAvoa! Non irás crer ti tamén as cousas que di Antón, ¿non?

- Non, é que ... Mira Olalla, xa sabemos todos que Antón é un mentireiro, pero xa sei de onde sacou o do golfiño.

-¿Ai si? ¿E de onde?

-Di unha lenda que hai moitos anos...

-Pero avoa, iso non ten nada que ver. Eses contos antigos non son os que adoita ler Antón. A el gústanlle os contos de "macacos" que loitan e que ó final gaña un deles e consegue o tesouro que hai escondido por aí...

-¿Queres escoitar dunha vez ou vas seguir falando?

-Está ben, di.

-Existe una lenda que día que hai moitos anos, aló polo 1800, construíron un embarcadero de pedra, pois disque chegaban moitos barcos estranxeiros aquí e que tiñan que dar a volta por non ter onde atracar. Entón decidiron face-lo peirao para poder gañar moitos cartos. E así ocorreu. Esta aldea converteuse na máis poderosa da zona. Marcábanlle grandes cantidades de peixe ós barcos, e cos cartos de vendelos construían máis embarcaderos. Todo o pobo estaba sobrado de peixe. Pero non sempre foi así.

Unha noite de inverno, chegou un barco cheo de xente: homes, mulleres e rapaces, ó día seguinte o pobo foi recibilos, como era normal. Pero ese barco non traía peixe.

-¿E logo para que veu?

-Pois era un barco pirata, máis ou menos. Esa xente vivía no barco e o seu oficio era ir dun lado a outro conquistando aldeas. Intentaban que a xente estivese ó seu servizos. Primeiro convencíanos para que os acollesen nas súas casas, e despois sacábanlles os bens que cada un tivese na casa antes de marcharen.

-i Que malos ! ¿Non avoa?

-Pois si, eran moi malos. A lenda di que existía un rapaz nesa aldea que non falaba con ninguén, aínda que xa viñeran moitos médicos onde a el e non conseguiran nada. Pois di que no barco desa xente estraña había un golfiño capturado e que o tiñan nunha especia de estanco para vendelo nalgún lugar e así gañar mais cartos.

-¿E para que querían tantos cartos?

-Non sei, pero iso non entra na lenda.

-E que ten que ver co golfiño capturado ese rapaz que non fala ?

-Escoita. Conta a lenda que o rapaz, sospeitando algo desa xente, decidiu entrar no barco antes de que ocorrera unha catástrofe na aldea. O chegar, viu o golfiño e sentiu tanta pena por el que lle comezou a falar. O rapaz, que nunca na súa vida pronunciara unha palabra, agora estaba falando cun golfiño. O que de veras casa o volve a deixar sen fala, era que o golfiño tamén falase.

-Pero avoa, iso non pode ser certo. Os golfiños non fan.

Olalla, todo o mundo sabe que os golfiños non falan, pero isto é unha lenda. Sigo. Segundo di, o golfiño contoulle ó rapaz o que os piratas querían facer coa xente da aldea, pois facían o mesmo con todas. O rapaz querendo evitar que os estranxeiros deixaran pobre a aldea, falaron co seu alcalde que, ó escoitalo, non lle creu, igual que o resto da xente. O certo é que pensaban que ese rapaz estaba medio tolo, e confirmaron esa idea ó oílo dicir aquela necidade.

O rapaz ceibou o golfiño con facilidade, pois os piratas estaba moi ocupados non seus intereses.

-¿ E non o chegaron a crer ?

- Atende. Pasado o tempo, cumpriuse o que dixera o rapaz. Os homes marcharon levando das casas xoias e cartos.

- ¿ Que pasou ó final ?

- Segundo día a lenda, o rapaz converteuse en golfiño aínda que non vólveo falar pola pena que lle quedara ó saber que ninguén lle daba crédito. E di tamén que os golfiños aínda que vagan pola ría, e algunha xente di que os ve, como Antón, aínda que lle pareza raro ...

- Adeus, avoa.

- ¿ A onde vas ? ¿É que non che gustou ?

- i Claro que me gustou ! Só vou a ver si hai algún golfiño na ría

O PANTASMA DA FONTE XE

3º PREMIO - CATEGORÍA G (1º ciclo da ESO)

Autora: SUSANA MARTÍNEZ OTERO
IESP 'JOHAN CARBALLEIRA' de Bueu

Xa fai anos que a xente di que hai unha pantasma na "Fonte Xe" moitos afirman que viron e oíron cousas nelas. Sobre todo nas noites de luar na que non fai falla candil para guiarse polos camiños, entón se pasas pola fonte unha rapaza dos cabelos vermellos e ollos azuis, e unha marca na man aparece e invítate a ir con ela, todos os que aceptan non se volven a ver. Hai xente que di que é a filla do demo e que os seus cabelos eran o sangue da xente que levaba, outros que comía homes e moitos máis opinións que inventaban, pero que a realidade non era así.

Fai tempo, no castelo que había enriba do outeiro e que na actualidade estaba en ruínas, vivía un rei e unha raíña que tiñan dúas fillas moi fermosas, louras e de ollos de cor da herba, pero non eran as únicas fillas dos reis xa que a raíña estaba encinta e esperaba outro fillo. Tanto o rei como a raíña, incluíndo o pobo, querían que fora un varón xa que se fora femia non habería que gobernara o reino e tería que vir un gobernante de fóra.

O día do parto chegou, pero non naceu un varón, senón unha femia, de pel branca, cabelos vermellos e ollos da cor do ceo e un sinal na man esquerda en forma de xe (X), igual cunha marca que tiña o rei no seu brazo, tamén esquerdo, marca que non herdaran as outras princesas. A raíña angustiada polo que podía facer o seu marido coa rapaza, choraba con amargura; neses momentos de angustia, unha princesa veu correndo e díxolle que Carme, unha das súas doncelas, tivera un varón pero que ela estaba a piques de morrer. Antes da súa morte, Carme informada da noticia, e debido ó afecto que lle tiña á raíña, cedelle o seu fillo, logo morreu.

Pero se tiñan o fillo de Carme ¿Que ían a facer coa pequena princesa? Pois esa mesma noite, enleárona nunhas mantiñas de cores azuis e botárona río abaixo. O rei contento de ter un varón como fillo, fixo unha gran festa sen saber que a súa verdadeira



descendente camiñaba río abaixo dentro daquel cesto, alongándose cada vez máis e máis, ata que parou nunha pedra onde un vello mago recolleuna e adoptouna coma filla.

Pasaron xa 17 anos daquel acontecemento, e o fillo de Carme, agora príncipe Carlos de pelo escuro e ollos castaños; decidiu saír de caza, co seu corcel branco, río abaixo. Pero estando tras unha peza comezou a chover e a tronar moi forte, desesperado, correu polo monte ata que se atopou cunha casa; esa casa era o fogar do mago e tamén da princesa que xa se convertera nunha rapaza de longos cabelos avermellados, profundos ollos azuis, pel branca e aquela marca na man. E debido ó seu sinal o mago puxéralle de nome "Marixé".

Carlos petou na porta e abriulle o mago que vestía de cor negro con estrelas amarelas.

-Por favor, ¿pódeme deixar pasar? É que chove moito e non teño onde pasa-la noite.

-Si, non o dubide, ipase, pase! –invitou o mago- ¡Marixé, Marixé!, ven aquí temos un convidado.

-¡Xa vou, xa vou!

O príncipe, entrou e sentou na mesa todo empapado, mentres "Marixé" lle servía unha sopa quente.

Carlos fixouse na marca da súa man.

-Agora entendo o de "Marixé" riu mentres lle collía a man, ela cravoulle os ollos da cor do ceo e el a ela. -Un momento-, recordou, esta é a mesma marca que ten o meu pai no seu brazo.

Ela apartou a man e foise para a cociña.

-Déixaa, é algo arisca.

-Pero moi fermosa, riu Carlos.

Á mañá seguinte, o príncipe marchou cara o palacio e contoulle o seu pai o que lle pasara, centrándose máis na rapaza e a súa man.

O rei curioso da noticia, mandou chamar á rapaza; ela acudiu á cita, e todos na Corte observaron as dúas marcas que eran exactamente iguais. Os sabios da corte discutían sobre o asunto, mentres a raíña observaba a "Marixé" aínda que non estaba segura, aquela rapaza tiña as mesmas características ca súa filla. O mago dixo que a atopara nunha cesta á beira do río. A raíña co corazón nun puño confesou o que fixera mentres se botaba a chorar. Entón se "Marixé" era a verdadeira princesa, Carlos é un impostor dicía a xente. O rei non podía crelo. Tal foi o impacto que causou a noticia que Carlos marchou correndo con bágoas nas meixelas. "Marixé" foi detrás del, ela tampouco cría a noticia, pero non permitiría que pasara unha desgracia pola súa culpa.

Cando por fin encontrouno, viu que este intentaba suicidarse ó pé dunha fonte.

-¡Non o fagas! – berrou “Marixé”. E vendo que non lle facía caso, correu cara el e logrou tiralo para o chan, pero ela escorregou e caeu á fonte golpeándose na cabeza cunha pedra, logo morreu afogada. Carlos asustado marchou e nunca máis se volveu a ver. Os reis, apesados polo suceso, bautizaron a fonte co nome da “Fonte Xe” e desde aquela, nas noites de luar, unha rapaza sae da fonte e invítate ir con ela ó lugar máis maravilloso do mundo. A carón de Deus.

UN SOÑO CASI INALCANZABLE

ACCÉSIT – CATEGORÍA G (1º Ciclo da ESO)

Autora: FÁTIMA CARBALLO ROSALES
IES ILLA DE ONS de Bueu

Pedro era un rapaz normal. Tiña tan só 5 anos e xa soñaba con ser como o seu ídolo, Pelé o grande do fútbol.

Pasados uns anos cando Pedro tiña 15 anos recibiu una beca que podería aseguralo seu futuro como futbolista.

Pedro tiña moito cariño á súa nai por iso cando soubo foi contarlle pero recibiu una terrible noticia. Parece ser que a súa nai deixara a tarteira ó lume que a casa se incendiara. Dixéronlle que a súa nai tivera grandes queimaduras e internáranla nun hospital. Co desgusto que tiña nin se acordaba da beca que lle concederán.

Cando chegou o momento de responder se quería a beca, entre choros respondeu que non podía. Pedro non podía deixar a súa nai soa, a nai que todo o dera por el.

A súa nai nunca soubo ó da beca do seu fillo. El non quería que soubese que renunciara o seu soño por ela.

Pero o destino quería darlle outra oportunidade, Pedro volveu recibir unha nota da Universidade dicíndolle que lle concederán outra beca, foi cando a súa nai xa estaba recuperada. Cando Pedro a leu entráronlle ganas de dar chimpos. A súa nai aconselloulle que dixera que si a beca, que non habería outra oportunidade igual. Púxose a escribir rapidamente a resposta. Despois de escribir a carta e levala a Correos foi xunto os seus amigos a contarlle o que lle ocorrera. Todos se alegraron por el menos Manuel que sempre lle tivera envexa porque era mellor ca el xogando ó fútbol. Xa quixera librarse

del pero nunca tivera oportunidade ata agora, estaban Pedro e mais el solos así que o tirou polo barranco abaixo. Pedro tivo unha caída moi forte que o feriu gravemente.

O medico falou coa súa nai e díxolle que posiblemente non podería volver xogar ó fútbol. Gloria, a nai de Pedro pensaba como lle ía dicir que o mellor non volvería xogar ó fútbol, a súa paixón, a súa vida pero dalgunha forma tiña que dicirillo. Cando llo dixo Pedro berraba como un neno cando nace, parecía tan desvalido ... O médico so lle daba unha esperanza tiña que asistir á rehabilitación pero era moi cara e eles non tiñan diñeiro así que quedaría así para sempre, nunha cadeira de rodas.

Os veciños que se decataron do que lle pasara ó rapaz decidiron reunir diñeiro para axudarlle a paga-la rehabilitación porque Pedro era un rapaz moi bo con todos pero o diñeiro non era suficiente. Toda estaba nas mas do pai de Manuel, que era multimillonario. El xa contribuía na recadación dos cartos dos veciños pero non era suficiente.

Manuel non tivo mas remedio que contarlle ó seu pai o que fixera e por qué o fixera.

O pai recriminouo polo que fixera pero non moito porque a el pasáralle un caso igual no que el tiña moita envexa dun amigo pero ó final acabáronse facendo moi amigos, a traballaron xuntos

O día seguinte, cando os veciños ías levarlle a recadación a Gloria ó hospital para animala, apareceu Xoaquín, o pai de Manuel dicíndolle o medico que non reparase nos gastos que el correría con eles.

Xoaquín fíxolle prometer a Pedro que sería o mellor futbolista do mundo mundial e que non lle tería rancor a Manuel polo que fixera a cambio de iso el correría cos seus gastos.

Di a xente daquel pobo e os seus descendentes que Pedro curou e entrou na universidade con aquela beca e que agora é un grande do fútbol como os seus ídolos Pelé, Maradona, Romario, etc..

Tamén din que Gloria e Xoaquín casáronse e que Manuel deixou de ser un neno de papa para ser un gran futbolista xunto o seu medio irmán Pedro, ademais teñen unha escola para eses rapaces que como Pedro non teñen diñeiro para pagar unha escola de fútbol.

Aínda que a vida dea moitos golpes, érguete e segue, non todo é malo neste mundo tamén hai cousa boas e ninguén sabe qué lle depara o futuro, Así que vive a vida.

VACACIÓNS NO MAR

1º PREMIO – CATEGORÍA F (3º Ciclo de Educ. Primaria)

Autora: RAQUEL DIÉGUEZ LOIRA
COLEXIO VIRXE MILAGROSA DE BUEU

Sempre que me poño a pensar no mar, ós meus recordos achéganse ó verán no que fun de vacacións á casa dos meus tíos, nunha vila mariñeira chamada Bueu, nas Rías Baixas de Pontevedra.

Eu vivía cos meus pais en Salamanca, e aquel ano do 99 eles andaron a actuar polas festas nun grupo musical do que formaban parte, e por iso deixáronme pasar aquel verán en Bueu onda o meu tío que se chamaba Martín –eu tamén me chamo así, pois son o seu afillado- e que é mariñeiro, como moita xente nesta fermosa vila.

Aquel verán foi inesquecible para min, xa que aprendín a pescar.

Espertábame cedo tódalas mañás, aínda que os meus tíos madrugaban máis e xa estaban a pé cando eu ía a almorzar, e facíámolo no pórche da casa ó carón do mar.

O meu tío Martín tiña un can que lle puxo de nome “Kini”, e polas mañás despois do almorzo íamos dar uns paseos co can antes de saír a pescar.


Máis tarde baixaba á praia onde atopaba moita variedade de cunchas, todas elas preciosas, aínda as gardo no meu cuarto, pois tráenme moitas lembranzas.

O meu tío iña un barquiño pequeno, o “Loira”, e algunhas veces eu ía con el a pescar, case sempre ás fanecas e ós muxos, outras ó corrican tentando coller rinchas.

Tamén fomos con frecuencia á Illa de Ons, na entrada da ría de Pontevedra, illa moi fermosa cunhas praias limpas, limpas,...

Eu apañábame só, e pasaba o meu tempo repartido entre a praia e xogando no peirao ou no barco, anque tamén axudaba a miña tía nos labores da casa.

✱



Bueu é unha vila preciosa, co mar, e as gaivotas, cuns arredores pintorescos e os montes cheos de vexetación e moitas árbores, que chegan ata a mesma beiramar... Nos veráns vense moitos forasteiros e veraneantes pasando alí as vacacións.

Unha mañá, que o mar estaba calmo, tan calmo que semellaba un espello, meu tío levoume a pescar con el, fóra da ría, ique ledicia ollar as sardiñas, os polbos, rapantes e algunhas luras que apañaron no aparello!...

Cando atracamos no porto, fomos cun pouco de peixe e asámolo na mesma praia diante da casa. Chamoume moitísimo a atención que a mellor maneira de come-lo peixe asado é coas mans, e din que así sabe moito máis a peixe.

Pola tarde daquel día estivemos na area da praia, bañámonos e nadamos, enredando nas barcas fondeadas por alí cerca. Despois do baño, fomos a pasear polo monte e polos camiños, os rúeiros cheos de historia que levan a ningures e nos levan a tódolos sitios,... Lembro agora que aquel día eu dicíame a min mesmo: "Encántanme os montes de Bueu, as súas árbores verdes, frondosas e altas, ó serán co fusco lusco..."

Esa mesma noite na terraza da casa, escoitando o murmurio das olas do mar e ollando as luces no outro lado da ría, pensei en Salamanca mentres me preguntaba se aquelas estrelas que eu vía tamén alumeaban alá....

Ó día seguinte, ó espertar vin que o tempo xa cambiara: estaba a chover e facía vento, vento do sur, como dicían eles. Baixei as escaleiras e na cociña estaba o meu tío, tomando o leite con cacao e torradas. Hoxe ía ir ó peirao a arranxar as redes, pero non ó mar polo mal tempo.

Ó pouco de saír o meu tío, baixou a miña tía Xosefa e preguntoume por Martín. Díxenlle que saíra ó peirao e púxose a prepara-lo almorzo e face-los labores cotiáns... O can, "Kini", semellaba estar tamén un pouco aburrido. A verdade, aquel foi o día máis aburrido de todo o verán, como se a chuvia e o vento do sur trouxeran a tristura e o solpor.

Pouco antes do xantar chegou o meu tío, todo mollado coma un pito. Tivo que cambiar a roupa toda, non levara o paraugas pois pensara que deixaría de chover ó levantarse un pouco de vento do nordés.

O día aquel pasou con máis pena que gloria, que lle íamos facer...

✱

Cando ó día seguinte abrín os ollos ó espertar, dende a miña cama vin o sol entrando coa súa claridade pola fiestra da miña habitación, e escoitei as gaivotas cos seus sons característicos... Acomeime e puiden contempla-la paisaxe do mar, a area da praia e os barcos que ían e viñan, todo con un sol radiante e espléndido, como se o día anterior fora un mal sono, así é Galicia e o seu clima.

Ese día fun pescar no barco cos mariñeiros de meu tío, a pesca non foi alá moi boa e houbo que dar varios lances e arrastres. Non é doado o traballo dos mariñeiros.

✱

Un día, no peirao coñecín a María, unha rapaciña da miña mesma idade, morena, de ollos azuis, moi bonita. O seu pai tamén era mariñeiro, pero ela nunca saíra a pescar con el. Levoume a coñecer a súa nai e ensinoume a súa casa. Era unha rapaza moi sinxela e cariñosa, e fixémonos amigos dende aquela. Nos días seguintes eu fixen todo o que puiden para que ela aprendera a pescar coa liña. E coido que o conseguín....

✱

Deste modo, máis ou menos, foron pasando os días disfrutando co mar, a praia, as saídas no barco, os paseos e tódalas cousas boas do verán.

Unha mañá que saíra co noso canciño "Kini" a dar unha volta pola praia, atopeime cunhas redes espalladas pola area e moito peixe tirado alí. Un pouco máis alá axuntábase un grupo de xente, e estaba a policía tamén pero eu non quixen acercarme e funme co can de volta para contarllo ó meu tío.

El estaba na casa, na saliña, falando con outro mariñeiro. Quedei alí a escoitar o que estaba a dicir: seica un grupo de homes roubaran as redes dos galpóns e o peixe das cámaras frigoríficas e tiraran os aparellos e o peixe na area da praia, despois de cortalos e esmagalos. E facían todo isto por envexa cos outros mariñeiros e para que houbera escaseza neses días e subiran os prezos.

Despois de xantar fun co meu tío ó peirao, e alí estaba a María cun vestido verde mazá, saltando á corda. Achegueime a ela e, non sei porque, púxeme un pouco nervioso. Os dous estábamos preocupados por eses homes que andaban por aí, roubando e facendo dano,...

Veu comigo a xogar na casa dos meus tíos, e cando xa de noite estábamos no pórtico bebendo un refresco, e os meus tíos foran a unha asemblea de mariñeiros, vimos como dende un barquiño coas luces apagadas unhas persoas tiraban peixe ó mar, ou alomenos, eso nos pareceu a María e a min. Aquela noite non durmín nada ben que digamos, pensando en todo aquilo.

Ó día seguinte foi moi axitado. A xente no porto estaba moi preocupada : vovera a desaparecer peixe das cámaras e roubaran máis aparellos. Cando andaba por alí ó rabo do meu tío, vin chegar a María –cun vestido azul e sandalias- e o seu pai, que era un dos mariñeiros ós que lles roubaran. A rapaza estaba moi anoxada e desexaba ela soa atopar ós ladróns, por iso díxenlle que eu estaba disposto a axudala.

-¿Que che parece se esta noite viviamos nós no peirao sen dicir nada nas nosas casas?

-Iso paréceme fenomenal, dixo María, ¿quedamos ás 10 en punto no peirao?

-De acordo, contesteille eu, ás 10 no peirao.

-Temos que levar o necesario, coido cunha lanterna e un móbil, polo que poida pasar.

-É unha boa idea, dixen. Non te preocupes que xa o levo eu. Ata despois ¿vale?

*

Máis tarde xa no pórche da casa dos meus tíos, esperando a hora de xantar, cos prismáticos de meu tío cos que moitas veces me gustaba contempla-la paisaxe e o mar, de repente vin un barquiño alá fóra mar dentro que semellaba moi cargado... Era moi estraño, ían uns cinco ou seis homes e non era hora da faena co peixe. Non lle dixen nada ó meu tío. E ademais estaba un pouco intranquilo, por que no sabía como pedirilles permiso para saír esa noite ó peirao con María.

-Tío atrevínme a dicir, esta noite quería dar unha volta ó peirao con María , quedei con ela.

- ¿E, como tan de noite rapaz?, contestoume meu tío.

- E que imos pescar á luras, por se apañamos algunha coa lúa chea,

- Moi ben, pero tende moito coidado, que as cousas non están nada ben por aí fóra.

- Descoide, meu tío, teremos moito coidado. Tía, ¿pódesme preparar un bocadillo de chourizo para levar pola noite?.

- Claro que si, meu rei, deixareicho preparado aquí na cociña.

- Moitas graziñas ós dous, quérovos moito.

*

Eran a 09.30 e saín da casa coa mochila e a cana de pescar, por aquilo de disimular un pouco. Cheguei ó peirao e o pouco chegou María. Fómonos esconder tras a lonxa vella e fixemos tempo. De súpeto, escoitámo-lo run-run do motor dun barco, e ó momento mirámolo chegar coas luces apagadas e atracar na parte máis recollida do peirao... Saíron uns homes e foron cara onde os galpóns e as cámaras frigoríficas... María e eu tivemos que atopar un escondedoiro e nun intre chamamos polo móbil á Comisaría, contándolles que nos parecía moi sospeitoso...

Viñeron os policías, prenderon ós homes: si eran eles os ladróns, colléronnos coas mans na masa.

O Xefe da Policía felicitounos a María e a min, e chamaron ós meus tíos e ós pais de María.

Esta foi a fantástica historia dun verán que aínda está nos meus recordos.

* * *

AVENTURA NO FUTURO

2º PREMIO – CATEGORÍA F (3º Ciclo de Educ. Primaria)

Autores: ALUMNOS DE 6º
CEIP `QUINTELA´ DE MOÑA

Érase unha vez un neno que se chamaba Brei. Vivía nun pobo de montaña moi afastado do mar. Nese pobo habitaba pouca xente xa que sempre facía moito frío e a penas podían traballar os campos.

Os seus pais emigraron e el quedara coa súa avoa nunha casa vella que estaba rodeada de arbustos. Tiña un can "palleiro" que era o seu único amigo.

Aquel inverno foi moi duro e non paraba de nevar, a poca xente que quedara marchara para a cidade. Brei e a súa avoa non quixeron irse. Unha noite a temperatura baixou subitamente a -40°C , o lume apagouse e Brei, a súa avoa, o can e toda a casa quedaron conxelados.

Cando os habitantes regresaron atoparon as súas casas sepultadas por un alude de neve. Non volveron xamais...

50 anos despois....


Ninguén recordaba aquel lugar ata que o goberno decidiu construír alí unha base secreta dedicada a experimentos científicos. Cando comezaron a estudar o terreo para facer as escavacións descubriron que naquel lugar houbera un pobo que quedara sepultado baixo a neve.

Decidiron empregar as máquinas térmicas que levaban un super-radar incorporado, para localizar algunha sinal de vida.

Pasou moito tempo e as obras avanzaban, a base case estaba rematada.

Un día nun descanso, os obreiros escoitaron ladridos que saían da terra.

Rapidamente puxeron en marcha o radar e cal non sería a súa sorpresa cando na pantalla apareceron tres figuras borrosas. Comezaron a escavar e despois de varias



horas escoitaron voces pedindo auxilio. Ante a súa sorpresa apareceron un neno, unha anciá e un can que non paraba de dar saltos de delicia.



Leváronos á base e chamaron a un médico, para que os examinara; parecían estar ben de saúde aínda que moi débiles. Despois de comer Brei e a súa avoa contaron a súa historia. Decatáronse de que levaban conxelados 50 anos. Atopaban todo moi cambiado, os adiantos científicos foran xigantescos, aínda que as guerras aumentaran e a contaminación no mundo era cada vez máis grande.

Brei e a súa avoa querían regresar a súa época aínda que non se lles ocorría como podían facelo.

Os científicos decidiron axudalos e xa que estaban facendo experimentos cunha máquina do tempo pensaron que sería boa idea probala con eles.

Os preparativos duraron un mes porque era moi difícil programar as coordenadas da máquina para situala no ano correspondente.

Por fin chegou o día. Brei, a avoa e can ían acompañados dun científico que manexaría a máquina durante a viaxe de volta.

Entraron todos nela. Por dentro estaba chea de mandos e controis, parecía unha nave espacial. O científico introduciunos nunhas cápsulas de cristal nos que se fixera o baleiro.

Quedaron durmidos e cando Brei espertou viu pola fiestra as montañas do pobo. Moi ledou avisou a súa avoa: - Avoa ¡xa estamos na casa!

Cando baixaron da nave viron a cabana, os campos e moita xente que acudiu a recibilos. Fixeron unha gran festa e o pobo nunca máis foi un lugar solitario.



XOÁN E OS SEUS AMIGOS

3º PREMIO – CATEGORÍA F (3º Ciclo de Educ. Primaria)

Autora: M^a JOSÉ SUAREZ CASTRO
CEIP A GUÍA – MEIRA (Moaña)

Xoán era un neno cego que vivía cos seus avós nunha casa pequena perto do monte dende que os seus pais morreran. Xoán tiña cinco anos e non ía ó colexio porque os nenos ríanse del, e ademais non falaba porque desde que morreran os seus pais só falaban cos seus avós. A casa onde vivían era pequena e vella, pero Xoán gustáballe vivir alí porque aínda que non vía tocaba e sentía como era a súa casa.

Tiña veciños da súa mesma idade, pero a penas se falaban. Un día, un deles, foi a súa casa a ver se podía xogar con el. Xoán púxose moi contento e deuse conta que xogar cos demais nenos era moi divertido. Pediulle ós seus avós que o levaran á escola que quería aprender e xogar con tódolos nenos do pobo.

Os seus avós puxéronse moi contentos coa súa decisión, e foron ó colexio para matriculalo. Nun principio os profesores non querían un neno cego naquela escola pero despois de que se decataron de como era Xoán, todos estaban contentos con el.

Os amigos ensináronlle a baixar as escaleiras, onde estaban os lavabos, onde era a clase de música, etc. Máis tarde os profes puxéronse en contacto cunha asociación que axudaba a estes nenos cegos e mandáronnos ó cole material axeitado para que puidera traballar. Tódolos demais nenos comezamos a interesarnos polas cousas que aprendía, e como as aprendía. Gustounos moito a escritura en relevo con puntiños e todos xogábamos a descifrar as mensaxes que Xoán nos mandaba en segredo.

Partires de entonces, tódolos nenos soubemos que podíamos convivir con nenos aínda que foran diferentes a nós.



A FOLLA

ACCÉSIT – CATEGORÍA F (3º Ciclo de Educ. Primaria)

Autora: SARA SANTACLARA SOLIÑO
COLEXIO VIRXE MILAGROSA DE BUEU

Había unha vez un folla que vivía no alto dunha árbore que se chamaba chopo. Esta folla estaba moi orgullosa de ser como era e de facer o que facía.

Cada día que o sol de verán, amarelo e brillante aparecía no ceo púñase contentísima e dicía:

¡Outro día máis para vivir!

Como a árbore vivía na beira do río, a xente que ía de paseo e pasaba por alí sentábase un ratiño a toma-lo fresco debaixo da frondosa árbore.

A folla escoitaba o que dicía a xente:

- ¡Que ben se está debaixo desta árbore!
- ¡Que sombra tan boa!
- ¡Aquí respírase aire puro!

A folla ó oír estas exclamacións dicíase a si mesma:

- Aínda que son pequena e a xente non se fixa en min, xunto coas miñas compañeiras dou sombra, purifico o aire,... ¡Que importante son!

E así foi pasando o verán e chegou o outono.



As señoras que paseaban en outono se lles oía que dicían:

- ¡Que mal durmín esta noite!

Co outono a nosa folla foi perdendo a seu cor verde e adquirindo día a día unha cor amarela, vermello, e marrón clariño.

A folla deuse conta de que a xente xa non viña ó río. Só un grupo de señoras, que case chegaban a avoas, pasaban polas tardes, aínda que non se sentaban.

- ¡Como cambia a xente co tempo! – dicíase a folla.

- Díxome o médico que debo adelgazar...
- O meu neto estase volvendo un antipático, non me fai nin chisco de caso.

Un día comezou a ventar moi forte e cun montón de compañeiras máis, a folla caeu ó chan, impulsada polo aire, rodou un par de metros ata que atopou un pao tirado onde se suxeitou.

Estaba desorientada, non sabía que pensar nin que dicir. Unha tristeza gris, gris, gris recorría os seus nervios case secos.

- ¡Xa non sirvo para nada! – dicía.

Nese momento sentiu que se afundía no chan.

Un rabaño de ovellas que recorría a beira do río pisouna, e pisouna centos de veces.


- ¡Uff! – exclamou.
- ¡Estou nas últimas!

Como puido estírouse un pouco de aire fresco.

O pouco tempo comezaron a caer unhas gotiñas de auga suaviñas, estaba poallando cando sentiu que algo se meteu debaixo dela. Era unha cría de rato de campo que viña en busca de acubillo.

- ¡Aquí non me mollo! – dixo o ratiño.

De noite a folla durmiuse pensando en que sempre foi útil, tanto na árbore como nese momento acubillando ó rato; e sentiu que dentro dela tiña tódalas cores do arco da vella.



O LIBRO QUE NINGUÉN QUERÍA LER

1º PREMIO – CATEGORÍA E (2º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: **DANIEL A. BURTON GONZALEZ**
CEIP 'A PEDRA' DE BUEU

Na reunión infantil da Biblioteca, case todos os libros estaban un pouco desgastados. As súas tapas brillantes e coloreadas xa non o eran tanto porque os nenos líanos unha e outra vez. Titín, Astérix, Daniel o Fedello, Harry Potter,...

Cando Roi comezou a buscar outro libro, atopou un completamente novo, aínda que non tiña debuxos nin brillantes cores.

"Está novo porque ninguén o leu" dixo Antía, a bibliotecaria.

"Pois se ninguén o quere ler, eu tampouco", dixo Roi.

"¿Que pensará o autor? Preguntoulle Antía.

"Ninguén me le porque ninguén me leu; se polo menos un nenos quixese abrir as miñas páxinas e disfrutar das miñas palabras, este diríallo a outras persoas e así coñeceríanme", e continuou Antía: "Non sempre o que len os demais é o mellor. As veces se non segues a corrente senón que te detés e observas, poderás atopar verdadeiros tesouros que estaba un pouco agochados e que ninguén se molestou en buscar"

Roi colleu o libro, leuno nunha tarde e ó día seguinte volveu á Biblioteca e preguntou: ¿Hai algún outro libro que ninguén queira ler?



A LÚA CAEU NO POZO

2º PREMIO – CATEGORÍA E (2º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: **ANGEL DOCAMPO BOUBETA**
CEIP DOMAIO DE MOAÑA

Fai moito tempo a lúa caeu nun pozo. Pediu axuda e a única que a escoitou foi unha formiga e foi axudala. Díxolle a formiga: ¿que fas aí dentro?

- Caín do ceo. Axúdame a saír.
- Eu non podo contigo. Tes que esperar que veña o sol para que te saque do pozo. A lúa fíxolle caso e esperou á mañá seguinte a saíra o sol.

Ás seis da mañá o sol foi axuda-la lúa, pero non podía sacala do pozo.



A lúa estaba triste porque quería estar coas estrelas. Entón o sol decidiu ir a un ximnasio a facer exercicio para seguir intentando saca-la lúa do pozo.

Á mañá seguinte ao sol volveu ó pozo para axuda-la lúa, pero non foi capaz de sacala do pozo.

Xa estaba o sol moi triste, e pensando... pensando... ocorrúeselle unha idea. Dixo o sol: - Pedirei axuda á nube e a treboada.

Os tres xuntos o sol, a treboada e a nube conseguiron saca-la lúa do pozo e levala ata o ceo para que xogara coas súas amigas as estrelas.

A lúa quedou moi agradecida ó sol, á nube e á treboada e que nunca se esquecerían do favor que lle fixeron.



AS HORTALIZAS QUE FALAN

3º PREMIO – CATEGORÍA E (2º Ciclo de Educ. Primaria)

Autora: **PAULA FERNANDEZ DIZ**
CEIP 'A RÚA' de COIRO-CANGAS

Había unha vez unha señora que vivía soa nunha casa de campo ó lado dun río que pasaba por Ourense. A señora chamábase Pilar.

Pilar tiña unha horta na que lle gustaba moito plantar cousas: tomates, leitugas, pementos, cebolas,...

Un día Pilar foi recoller: dous tomates, un par de leitugas e un pemento, para preparar unha ensalada. Cando ía corta-lo tomate Pilar escoitou:

-¡Ei, ti! ¿que fas? Non me fagas anacos.


Pilar asustouse, quedou apavada. Acababa de escoitar falar un tomate.

E iso seguiu ocorrendo durante os tres días seguintes e Pilar comezou a pensar...:

- Ben, dixo Pilar, se as hortalizas falan anque non se poidan comer fanme compañía.

Ó día seguinte Pilar preguntoulle ás hortalizas se querían quedar con ela e díxéronlle que si.

E así foi como Pilar tivo compañía.



LENTI O VELOCIRAPTOR QUE NON CORRÍA

1º PREMIO – CATEGORÍA D (1º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: **PABLO NAVARRO MARTINEZ**
CEIP `SEQUELO´ DE MARIN

Lenti era un velociraptor que non corría tanto como os outros, pero non lle importaba porque non tiña que cazar, xa que era vexetariano. O único problema era, que os demais velociraptor ríanse del:

-iLenti é lentiño, Lenti é lentiño! – dicíanlle.

El púñase moi triste porque non entendían porque non o querían tal como era.

O único que o aceptaba se condicións era Roedello o coello. Relenti e Roedello fixéronse amigos de pequenos, un día que Lenti fixéranse amigos de pequenos, un día que Relenti tiña fame e fora buscar cenorias. Dende aquel día foran inseparables. Un día que Lenti estaba a recoller coliflores mirou ós demais velociraptores pasar velozmente e preguntouse:

-¿Onde irán tan rápido?

E entón deuse conta que estaban a perseguir a Roedello, io seu amigo da alma!. Cheo de furia, comezou a seguilos pero, coma sempre, os outros corrían máis.

Roedello berraba: ¡Socorro! ¡Socorro! ¡Lenti, axúdame! Lenti, aínda máis furioso, conseguiu alcanzar ós outros e decatouse de que iestaba a correr máis rápido que eles! Adiantounos e colleu a Roedello no colo. Os demais, ó velo, quedaron abraiados e pensaron: -Lenti xa non é lento, e moi rapidiño.



* * *

O MISTERIO DA PEDRA MÁXICA

2º PREMIO – CATEGORÍA D (1º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: **MANUEL FAZANES CERVIÑO**
CEIP 'A PEDRA' DE BUEU


Unha mañá o osiño Lucas estaba xogando no parque co seu cubo e a súa pala, e estaba escavando na area para construír un castelo cando de repente a súa pala se atopa con algo moi duro. Era unha pedra brillante de cor verde escuro e que ó estar



en contacto co sol brillaba. ¡Que sorte! Exclamou Lucas pero de repente, ó dicir estas palabras Lucas desapareceu e encontrouse nun bosque encantado cheo de animais, flores e nomos que sen embargo parecían estar moi tristes.

¿Que vos pasa amiguiños?

Preguntou Lucas. Nada respondeu o nomo. Estamos tristes por que meu pai está enfermo e necesita unha pedra máxica para curarse. Pois eu teño unha, díxolle Lucas ós seus amiguiños, e podo deixárvola se queredes entón o nomo foi correndo coa pedra na man para a súa casa, doulla ó seu pai e este curou, e dende entón todos os animalaiños do bosque moi contentos e felices.



O PAÍS DOS OGROS

3º PREMIO – CATEGORÍA D (1º Ciclo de Educ. Primaria)

Autor: **AITOR MARTINEZ SECO**
CEIP 'SEQUELO' DE MARIN

Hai moito tempo nunha illa chamada Tambo vivían uns seres altos coma as árbores, duros como as rochas, peludos como os osos, gordos como catro bocois xuntos. Eses seres eran ogros e sempre estaban pelexándose. ¿E por que se pelexaban? porque eran parvos. Mirade se eran parvos que poñían os calcetíns vellos e tiraban os novos. O que máis lles divertía era tirarse dos pelos ata que un deles comezara a chorar. Un día chegou nunha barquiña unha mestra chamada Victoria, que era moi lista. Os ogros puxéronse moi contentos de ter visita, entón comezaron a facer o parvo: cuspián, eructaban e toleaban. A mestra Victoria dixo: ¡Miña nai, onde fun a parar! Dende aquela Victoria decidiu facer unha escola para ogros. Pouco a pouco os ogros aprendían. Un día finalmente a mestra tivo que regresar. Os ogros xa sabían poñerse os calcetíns pero as veces aínda seguen a tirarse dos pelos.



A FOLLIÑA DE CARBALLO

ACCÉSIT – CATEGORÍA D (1º Ciclo de Educ. Primaria)

Autora: **ALBA QUINTAIROS SOLIÑO**
CEIP 'CARBALLAL' DE MARIN


Era unha vez unha folliña verde, verde, verde, que se chamaba Xoliña e vivía nunha árbore e alí estaba moi leda porque vía os grilos, os paxaros, os carcois, as formigas, as bolboretas, pois todos eran os seus amigos. Pero un día cheegou un vento moi, moi forte e levouna ata unha fiestra e petou ipum, pum pum!

Despois unha rapaza que se chamaba Rula preguntoulle ¿Que fas ti aquí?

Entón a folliña de carballo díxolle: é que o vento levoume ata aquí. Logo Rula comezou a quentala e despois púxoala nun libro.

Un día empezou a pórse amarela, amarela, amarela e ó seguinte día púxose marrón, marrón, marrón porque xa era velliña.

Entón Rula colleuna e púxoala nun cadro e colgou o cadro no seu cuarto e Xoliña foi moi, moi, moi feliz e... "colorín", colorete este conto sóubome de "rechupete".



A PRINCESA E O GATO

1º PREMIO – CATEGORÍA C (INFANTIL 5 anos)

Autora: INÉS LORENZO RIAL
CEIP 'A PEDRA' DE BUEU



Un día o gato perdeuse e moito tempo
despois atopouno no tellado do castelo



A princesa chamouno pero o
gato tiña moito medo





PILI E RAMÓN

2º PREMIO – CATEGORÍA C (INFANTIL 5 anos)

Autora: IRENE ESTEVEZ VILLANUEVA
CEIP 'A PEDRA' DE BUEU









O LEÓN E A LEONA

3º PREMIO – CATEGORÍA C (INFANTIL 5 anos)

Autora: AIDA QUEIMAÑO SOAGE

**CEIP 'MONTEMOGOS' DE
BELUSO (BUEU)**



Había unha vez unha leona e un león que querían ser ricos. Sempre buscaban diñeiro. Un día preguntáronlle a un campesiño onde podían atopar diñeiro e el díxolles que en Mallorca.

Buscaron a un home que tiña un barco que ninguén usaba, e o león e a leona pedíronlle que os levara a Mallorca.


A leona e o león caeron do barco e foron nadando ata unha praia, alí atoparon un hotel no que quedaron a vivir felices e ledos, aínda que lles deu igual non atopar diñeiro.



A MOSCA VIAXEIRA

1º PREMIO – CATEGORÍA B (INFANTIL 4 anos)

Autores: CURSO da Profesora Polucha Villanueva
CEIP 'DOMAIO' DE MOÑA



Habia unha vez unha mosca que estaba moi aburrída que vivía en Domaio. Pensou facer unha viaxe para coñecer mundo.



Ó espertar atopouse nun sitio que non coñecía, era Madrid. Alí había moitas moscas que lle preguntaron de onde viña e como era Domaio. Decidiron ir con ela.





E de pronto viron o mar, non sabían que era. Gustoulles.



Pero tiñan moita fame así que foron a comer mazás a unha casa



Así a mos de Domaio púxose moi contenta
e nunca máis aburriuse.

Color in Colorado este contíño
xa está rematado.



O CAN LÚA

2º PREMIO – CATEGORÍA B (INFANTIL 4 anos)

Autora: NOELIA POUSADA LOBEIRA
CEIP 'A PEDRA' DE BUEU





UN DÍA PASEANDO POLO BOSQUE CO SEU AMIGO O CAIÃO



ATOPARONSE CUNHA REPOSA QUE TIRA MOITA PAME





O ELEFANTE GRIS

3º PREMIO – CATEGORÍA B (INFANTIL 4 anos)

Autora: **CRISTIAN FERREIRA OTERO**
CEIP 'MONTEMOGOS' DE BELUSO

Unha vez un elefante gris perdeuse na cidade e atropelouno un coche, levárono ó médico, curouno e marchou para a súa casa.



Por iso agora non sae so á rúa, vai agarrado da trompa do seu pai e mira ós lados da rúa antes de cruzar.

DITA E ZAPO

CEIP 'A PEDRA' DE BUEU
CATEGORÍA A (INFANTIL 3 anos)

DITA E ZAPO

1º PREMIO –

NEREA CARRAGAL ÁLVAREZ

2º PREMIO –

ALBA FERNANDEZ OTERO

3º PREMIO –

ABEL DIZ ESTEVEZ





HABIA UNHA VEZ UN COELLO E UN ESQUÍO
QUE SE CHAMABAN **Z A P O** E
D I T A.
E VIVÍAN NUNHA FRAGA.



Ó CHEGAR A PRIMAVERA, A FRAGA
PÚXOSE MOI FERMOZA : EMPEZARON A
SAIRLLE **FOLLAS** AS ÁRBORES E
NACERON MOITAS FLORES.



UN DIA Á FRAGA CHEGARON MOITOS
NENOS QUE RÍAN, SALTABAN
E COLLÍAN FLORES.
ESTABAN DE EXCURSIÓN COA SÚA PROFE-
SORA.



DITA E ZAPO, Ó PRINCIPIO, ASUSTÁRONSE
PORQUE NUNCA VIRAN NENOS. PERO DESPOIS
ACERCÁRONSE A ELES E EMPEZARON A
XOGAR TODOS XUNTOS.

TERMINARON SENDO

A M I G O S .

ÍNDICE

CONTO	AUTOR/A	COLEXIO	PÁX.
AS PALABRAS DE XULIA	ANA MENDUIÑA PASTORIZA	IES ILLA DE ONS - BUEU	3
A LENDA	ROMINA BASTÓN CADABÓN	C. SAGRADA FAMILIA DE ALDÁN	4-5
O PANTASMA DA FONTE XE	SUSANA MARTINEZ OTERO	IESP 'JOHAN CARBALLEIRA' BUEU	6-8
UN SOÑO CASI INALCANZABLE	FÁTIMA CARBALLO ROSALES	IES ILLA DE ONS - BUEU	8-9
VACACIÓNS NO MAR	RAQUEL DIEGUEZ LOIRA	COL.VIRXE MILAGROSA - BUEU	10-13
AVENTURAS NO FUTURO	ALUMNOS DE 6º E. PRIMARIA	CEIP QUINTELA DE MOAÑA	14-15
XOÁN E OS SEUS AMIGOS	Mª JOSÉ SUÁREZ CASTRO	CEIP "A GUÍA" – MEIRA	16
A FOLLA	SARA SANTACLARA SOLIÑO	COL.VIRXE MILAGROSA - BUEU	17-18
O LIBRO QUE NINGUÉN QUERÍA LER	DANIEL A. BURTON GONZALEZ	CEIP 'A PEDRA' DE BUEU	19
A LÚA CAEU NO POZO	ANGEL DOCAMPO BOUBETA	CEIP DOMAIO – MOAÑA	20
AS HORTALIZAS QUE FALAN	PAULA FERNANDEZ DIZ	CEIP 'A RÚA' DE COIRO-CANGAS	21
LENTI O VELOCIRAPTOR QUE NON CORRÍA	PABLO NAVARRO MARTINEZ	CEIP 'SEQUELO' - MARÍN	22
O MISTERIO DA PEDRA MÁXICA	MANUEL FAZANES CERVIÑO	CEIP 'A PEDRA' DE BUEU	23
O PAÍS DOS OGROS	AITOR MARTINEZ SECO	CEIP 'SEQUELO' - MARIN	24
A FOLLIÑA DE CARBALLO	ALBA QUINTAIROS SOLIÑO	CEIP 'CARBALLAL' - MARIN	25
A PRINCESA E O GATO	INES LORENZO RIAL	CEIP 'A PEDRA' - BUEU	26-28
PILI E RAMÓN	IRENE ESTÉVEZ VILLANUEVA	CEIP 'A PEDRA' - BUEU	29-32
O LEÓN E A LEONA	AIDA QUEIMAÑO SOAGE	CEIP DE BELUSO	32
A MOSCA VIAXEIRA	CURSO DE 4 ANOS	CEIP DOMAIO – MOAÑA	33-37
O CAN LÚA	NOELIA POUSADA LOBEIRA	CEIP A PEDRA – BUEU	38-40
O ELEFANTE GRIS	CRISTIAN FERREIRA OTERO	CEIP DE BELUSO	41
DITA E ZAPO	NEREA CARRAGAL ÁLVAREZ	CEIP A PEDRA - BUEU	41-45
DITA E ZAPO	ALBA FERNANDEZ OTERO	CEIP A PEDRA - BUEU	
DITA E ZAPO	ABEL DIZ ESTEVEZ	CEIP A PEDRA - BUEU	

